



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

**BASES PARA A SELECCIÓN DE UN PEÓN CONDUTOR E TRES PEÓNS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS AO ABEIRO DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DA FONSGRADA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020"**

**1. OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de un traballador coa categoría de peón- condutor e tres traballadores coa categoría de peón para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do "Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de A Fonsagrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020".

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

**Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.**

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- 1.- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se situén a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización deste medios fóra do seu termo municipal conforme ao previsto do PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.
- 2.-Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

**2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.** Serán requisitos imprescindibles:



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveza o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g) Posuír o permiso de conducir clase B.

**3. DURACIÓN** A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal.

**4. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN** Os interesados poderán presentar as súas solicitudes, nas oficinas municipais no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no BOP de Lugo. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. Ás instancias xuntaranse a seguinte documentación:

- Copia compulsada DNI
- Copia compulsada da titulación requerida.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

- Copia compulsada do permiso conducir.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Copia compulsada da documentación xustificativas dos méritos que aleguen na fase de concurso.

#### **5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, concedendo un prazo de 3 días para subsanación de defectos.

Unha vez transcurrido o prazo de subsanación de deficiencias publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e a data do exame.

**6. TRIBUNAL SELECCIONADOR.** O tribunal de selección estará formado por un presidente, un secretario e 3 vogais, e será nomeado polo Alcalde.

**7. SISTEMA DE SELECCIÓN.** O sistema de selección constará de 2 fases:

A.- FASE DE CONCURSO (Máximo 5 puntos)

Na fase de concurso valorarase a experiencia laboral previa en tarefas de extinción de incendios e a formación relacionada co posto de traballo:

Experiencia profesional (Máximo 4 puntos)

- Experiencia profesional previa peón ou peón condutor na prevención e defensa contra incendios: ..... 0,10 puntos por cada mes completo de servizo.
- Experiencia profesional previa como peón forestal .....  
..... 0,05 puntos por cada mes completo de servizo.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01

**A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas.**

Formación relacionada co posto de traballo (Máximo 1)

Por cursos relacionados coas funcións propias do posto a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 1 punto

- Cursos de máis de 50 horas..... 0,20 puntos
- Cursos de 20 a 50 horas ..... 0,10 puntos
- Cursos de ata 20 horas..... 0,05 puntos

**A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia compulsada dos diplomas acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.**

b) FASE OPOSICIÓN. Constará de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

**Primeiro exercicio.** Consistirá en contestar a un cuestionario tipo test con vinte preguntas, relacionados cos coñecemento sobre o ámbito territorial de actuación e cos traballos a realizar pola brigada de prevención e extinción. Este exercicio será cualificado cun máximo de 10 puntos e para superlo será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

**Segundo exercicio.** Consistirá na realización dunha proba práctica na que se valorará o coñecemento dos traballos a realizar. Será cualificado cunha puntuación máxima de 10 puntos e para superlo será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

## **8. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.**

Unha vez rematado o proceso selectivo o candidato que acadase a maior puntuación será proposto para o posto de peón – condutor e os tres seguintes para os postos de peóns.

Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que estableza o Concello de A Fonsagrada.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación dos traballadores seleccionados.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación.

**9. BOLSA DE TRABALLO** Cos traballadores que tendo superado o procedemento non resultaran seleccionados formarase unha bolsa de traballo por orde de puntuación para chamamentos en caso de baixa temporal ou definitiva dalgún dos seleccionados. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2019.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01

**ANEXO I**  
**MODELO DE INSTANCIA.**

**1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA**

PEÓN/ PEÓN CONDUTOR
---------------------

**2.- DATOS PERSOAIS**

APELIDOS	NOME
ENDEREZO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

**SOLICITA:**

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condicións esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer

A Fonsagrada ..... , ..... de 2019

Sinatura do solicitante

Asdo. ....

Documentación que se achega:

- Copia do DNI.
- Copia compulsada do título esixido.
- Copia compulsada do carnet de conducir (B)
- Copia da documentación acreditativas dos méritos.
- 

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSGRADA



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

## ANEXO II

D....., con DNI nº.....e domicilio a efectos de notificación en .....en relación as bases para a selección de un peón condutor e tres peóns como persoal laboral temporal,

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
- Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
- Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo, así como que reúno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo

A Fonsagrada, ..... de .....de 2019

Asdo.....